


XAQUIM MARIN

Humor líquido



Caderno de actividades para educación primaria
para imprimir en color a doble cara

Xaquín Marín farache rir e pensar

Xaquín Marín é un **pintor e debuxante** galego, coñecido sobre todo polas súas creacións humorísticas e de crítica social. Naceu en Fene en 1943, foi coautor da primeira banda deseñada en galego, colaborou cun grande número de xornais e revistas e participou en centos de exposicións cos seus cadros, viñetas, ilustracións ou carteis. Promoveu ademais a fundación do Museo do Humor de Fene, que hoxe leva o seu nome, un dos moitos recoñecementos e premios que recibiu.

Moi coidada tecnicamente, **a súa obra activa as nosas neuronas**, facéndonos pensar sobre multitude de asuntos, algúns que veñen doutra época, como do final da ditadura franquista, e outros moi actuais, mantendo sempre grande protagonismo Galiza e a lingua galega.




Propómoste un reto: construír unha viñeta coa túa propia personaxe baseándote no estilo de Xaquín Marín. Atrévete a falarnos con debuxos sobre asunto que te preocupe?


Coñece mellor a súa vida e obra neste [PDF](#).



A seguir podes ver unha viñeta feita por Xaquín Marín, animáste a pórle un novo texto? Escríbeo nos globos baleiros e sorpréndenos!



Presentámosche algunhas das personaxes principais que ten utilizado Xaquín Marín ao longo do tempo: Isolino, Gaspariño, Tonecho ou Lixandre.




**Isolino****Gaspariño****Tonecho****Lixandre**

Tócache crear!



Recorta as diferentes partes e compón a túa propia personaxe, pénsalle tamén un nome. Como ves, non hai ningunha muller...

Deixámosche tamén a oportunidade de creares ti unha personaxe enteira nova. Nese caso, recomendámosche seguir o estilo de debuxo de Xaquín Marín para que sexan compatíbeis as partes da túa personaxe coas del!





Pega no seguinte recadro as partes que compoñen a túa personaxe e escribe o seu nome na liña de puntos.



.....

Agora que tes a personaxe, chamada, debúxalle un globo e escribe nel a mensaxe que che gustaría transmitir.

Lembra: a Xaquín Marín gústalle falar dos asuntos que máis lle preocupan da actualidade de cada época, moitas veces usando a *ironía ou a **retranca. Que che preocupa a ti? Cóntanolo!

* A "ironía" é dicir o contrario do que se quere dar a entender.

** A "retranca" é a habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se procura unha graza intencionada no que se di.



Compostela
Cultura
Artes visuais

Este caderno creouse como complemento á exposición
“Xaquín Marín, humor líquido galego”, presente no
Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) entre
outubro de 2024 e xaneiro de 2025, organizada por
Galiza Cultura e o Concello de Santiago.

